

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE INTEGRIDADE E COMPROMISO ÉTICO

A Xunta de Galicia quere avanzar no compromiso coa integridade institucional que xa iniciou nos anos precedentes con fitos afianzados actualmente como o Código ético institucional do ano 2014 e o Programa de impulso democrático do ano 2015, que se consolida neste 2021 coa aprobación, o 26 de maio, dun Programa marco de integridade institucional.

Así, a Administración Pública de Galicia alíñase coas medidas de prevención contra a fraude lideradas pola Unión Europea e que terán unha significación esencial na xestión dos fondos Next Generation EU.

Esta política de integridade institucional baséase nun compromiso que vai máis alá do cumprimento das normas xurídicas porque se refire ás normas e principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade, que deben presidir a actuación da Xunta de Galicia como institución e a de todo o persoal que a compón, comezando polas persoas que integran o consello de goberno, que asumen, comparten e lideran este compromiso. Esta última década de goberno marcada pola estabilidade e a experiencia na xestión, xunto coa ausencia de incidentes que afectasen á reputación da organización son unha proba do cumprimento deses principios éticos.

No marco deste compromiso coa integridade institucional, a Xunta de Galicia pon en marcha un completo programa de medidas de reforzo do marco de integridade institucional que implica tamén a implantación na organización dunha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade, que se concretará na elaboración e aprobación sucesiva de plans de prevención de riscos de xestión especificamente orientados a anticipar, detectar e corrixir o seu impacto, no caso de producirse.

Estas ferramentas constitúen un soporte básico para a execución das políticas antifraude demandadas por Europa para financiar unha recuperación saneada da economía logo da crise da pandemia provocada pola Covid-19, que esixe a administración fiduciaria dos recursos que a Unión Europea destina á sustentabilidade financeira da sociedade galega.

Deste xeito, a Xunta de Galicia promove a asunción e consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da organización, en todos os niveis, mediante a formación específica, configurada como unha ferramenta clave para a sensibilización en integridade e comportamento ético na organización, pero tamén mediante a difusión externa e o fomento desta cultura cara a cidadanía, abordando así este compromiso dende unha perspectiva global e íntegra.

Sobre a base das anteriores manifestacións, a Xunta de Galicia adopta unha política de tolerancia cero fronte a fraude, co conseguinte compromiso de asumir os estándares máis altos no cumprimento os principios éticos e morais na xestión e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, así como de establecer os mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.